XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Javier Franco Tubío, subdirector xeral de informática, en calidade de responsable dos servizos informáticos da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

Que o texto íntegro do Borrador da **"lei de caza de Galicia"** foi publicada na páxina web da Consellería, co obxecto de que as persoas, individualmente ou por medio de asociacións que as agrupen ou representen, puidesen formular suxestións, proposicións, ou recomendacións nos termos previstos no artigo 9.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

O enderezo de publicación foi:

http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/transparencia/elaboracion_de_disposicions_proxectos_e_actos_administrativos/

As suxestións podían ser realizadas ben a través dun formulario electrónico situado no mesmo enderezo electrónico, ou ben por correo ordinario. O formulario de suxestión electrónico estivo habilitado dende o **10/01/2012**.

Desta disposición recibíronse a seguinte suxestión:

01/02/2012 19:50 apropiga (asoc. prof. personal prevencion e defensa contra incendios forestais de Galicia) info@apropiga.org

"

Boas tardes, estas son as suxestións de cambios que creemos deberían ser introducidos nesta lei, esperamos sexan acertados e tidos en conta.

Artigo 29. A facultade de exclusión.
1. Os titulares dos terreos que non cederon o dereito de aproveitamento cinexético de xeito expreso a favor do TECOR, conservan o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos devanditos terreos.
Os titulares dos terreos que cederon o dereito de aproveitamento cinexético de xeito expreso a favor do TECOR, poderán recuperar o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos seus terreos á finalización do Plan de Ordenación Cinexético e, en todo caso, transcurridos cinco anos dende a cesión.

Engádese este párrafo para evitar o uso do lume como medida de presión dun particular descontento coa xestión cinexética. Non cremos convintes ataduras ilimitadas no tempo.

En caso de non aceptar esta redacción sería obrigatorio establecer un período máximo de cesión dos dereitos cinexéticos para evitar conflictividade que se poida convertir en motivación incendiaria.

Artigo 31. Vedados de caza.
4)En caso de producirse un incendio forestal sobre un terreo declarado vedado de caza a prohibición de cazar extenderase durante un período de tres anos dende a data do incendio, a engadir á duración prevista do vedado.
Existen numerosos casos de incendios en zonas recentemente declaradas reserva de caza. Detectamos unha posible vinculación entre incendios e vedados, xa que así, ao termino do período de veda o mato está nunha condición idonea para a práctica da caza. Este uso indiscriminado do lume é do todo inaceptable e convén limitar este subterfuxio para a ilegalidade.

Artigo 63. Protección e conservación das especies de caza.
1.Con carácter xeral prohíbese, salvo autorización excepcional:
b) Cazar nos chamados días de fortuna; entendendo estes como aqueles nos que como consecuencia de incendios, nevadas, epizootias, inundacións, secas ou outras causas, as pezas de caza se ven privadas das súas facultades normais de defensa ou obrigadas a concentrarse en determinados lugares.
Establécese un perímetro de 250m arredor das áreas incendiadas no cal estará prohibida a actividade cinexética durante un período de tres anos dende a data do incendio.

Constátase a posible presencia de lumes entre zonas desbrozadas, ou entre estas e vías de comunicación. Tamén creemos convinte esta nova redacción en aras á repoboación natural dos espazos queimados.

ñ) Os aproveitamentos e a repoboación cinexética en terreos queimados quedan prohibidos durante un período de tres anos dende a data do incendio, salvo autorización expresa da dirección xeral competente en materia cinexética, previo informe favorable da consellería competente en materia forestal.
Consideramos necesario introducir expresamente, a modo de recordatorio, conceptos da lei de 3/2007 de prevención de incendios na propia lei de caza para evitar engorros normativos e descoñecementos pola complexidade lexislativa actual.

Artigo 77. Infraccións leves
29.Cazar nos chamados días de fortuna, é dicir, naqueles nos que, como consecuencia de incendios, nevadas, epizootias, inundacións, secas ou outras causas, as pezas de caza se ven privadas das súas facultades normais de defensa ou obrigados a concentrarse en determinados lugares.

Cambiar a consideración a INFRACCIÓN GRAVE e engadir esta infracción á caza nos terreos no perímetro sinalado no artigo 63 b) de nova redacción.

Artigo 79. Infraccións moi graves.

20) Os aproveitamentos e a repoboación cinexética en terreos queimados, durante un período de tres anos dende a data do incendio, salvo autorización expresa da dirección xeral competente en materia cinexética, previo informe favorable da consellería competente en materia forestal.

Débese incluir no capítulo sancionador os aproveitamentos e repoboación en terreos incendiados.

Un saúdo.
Roberto Jorge Correa.
Vicepresidente APROPIGA."

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2012

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - SUBDIRECCIÓN XERAL DE INFORMÁTICA